

Que lé?



## Maria Canosa

### 'Non me atrevería a escribir para nenos pequenos'

Agora mesmo leo bastante menos do que me gustaría. Normalmente leo todo tipo de libros, vou coñecendo aos clásicos e aos autores novos, poesía ou narrativa.

#### Que leituras recomendaría?

Non son quen de recomendar un libro, cadaquén ten que ler o que lle gusta, que é o xeito de coller afeizón.

Non é moi frecuente que o primeiro libro publicado fose escrito aos trece anos.

A publicación do meu primeiro libro *Bramido Maino* estivo rodeada de circunstancias especiais. Tiña unha mención especial no premio *Rua Nova* e durante a cea coñecín a un señor ao que lle facía moita gración que eu estivera tan leda cun premio tan cativo. Despois, pediume un orixinal e carteeime con el. Era Manuel Beiras Garcia. Cando morreu, eu non sabía onde ía o meu orixinal que, finalmente, estaba en Edicións do Castro. Pedíronme que escollera ilustrador e mo publicarían. Tivo algo de maxia, pois tamén se trataba da primeira editorial na que publicou a miña nai. Despois publiquéi *A pedra do seixo*, de aventuras, e posteriormente *A espreita na penumbra*, para lectores adolescentes.

O feito de que a súa nai, Concha Blanco, escriba para nenos, tamén influirá?

Eu non son capaz de escribir para lectores tan pequenos, por esa razón valoro moito o traballo da miña nai. Desde pequena vin que facer libros non era tan complexo, era como ver facer pan, e saquei proveito. Aos tres anos recitaba versos que miña nai recollía por escrito.

Fálase dunha explosión da poesía, pero vostede decántase pola narrativa.

O que gosto de escribir é prosa poética, non seguir estrictamente un guión. Na poesía non son capaz de guiarme por métrica e rima. Escrebo por necesidade e por pracer, góstame describir sensacións. Agora prefiro as historias reais, deixar as aventuras polos sentimentos, polas experiencias que vexo ao redor. ♦

Cee (1978). Obras publicadas: *Bramido maino*, *A pedra do seixo* e *A espreita da penumbra*.